

NOVENO CONCURSO DE FERRETES ENTROIDO 2013

A Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, en colaboración coa Asociación “Pepe Barreiro” de Lugo, con motivo da celebración do próximo ENTERRO DA SARDIÑA o día 13 de febreiro do 2013, **convoca o 9º premio de ferretes “Entroido 2013”** de acordo coas seguintes bases:

1º Poderá optar a este premio calquera persoa sen límite de idade.

2º Os traballos terán que facer referencia a acontecementos de actualidade, preferentemente referidos á nosa cidade de Lugo e a Galicia, **poñendo o máximo acento no escarnio.**

3º Estarán redactados en galego: o retrouso terá que ser unha estrofa de catro versos heptasílabos, e os ferretes recitados como mínimo de catro, e como máximo de seis.

4º Quedarán anulados aqueles textos e autoras ou autores dos que teña coñecemento algunha ou algún membro do xurado antes da reunión para o ditame do concurso.

5º Entregaranse na Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (edificio da praza Maior), antes das **14 horas do día 31 de xaneiro de 2013**, nun sobre dirixido á Asociación “Pepe Barreiro”, no que figurará como remitente un pseudónimo, e no seu interior outro sobre con nome, enderezo e teléfono de contacto.

6º Reservarase a identidade da persoa autora para protexer a súa liberdade de redacción.

7º O ditame do concurso correrá a cargo de 5 membros da Asociación “Pepe Barreiro”: D.^a Mercedes Barreiro, D. Manuel Cuesta, D.^a Nélida Ónega, D.^a Manuela Lamela e D. Jesús Cao. O resultado será inapelable, e poderá declararse deserto se así o estima o xurado.

8º Os pseudónimos das persoas premiadas faranse públicos antes da lectura dos ferretes no palco montado para tal efecto.

9º A presentación aos premios desta convocatoria supón a aceptación das súas bases.

10º Os premios estarán dotados con:

Retrouso	150 euros	
1º Premio	100 euros	
2º Premio	50 euros	
3º Premio	30 euros	
17 Premios,	cada un de 10 euros	Total 500 €

Ademais destes premios, o xurado poderá conceder, se o considera conveniente, accésits dotados con 10 € cada un.

Lugo, xaneiro do 2013

Incluír isto nas bases

FERRETE:

É unha forma de chamarlles, ironicamente, ás coplas ou versos que se recitan diante do Concello ao rematar a procesión do Enterro da Sardiña.

O contido dos versos debe ter unha boa carga crítica, sobre todo da actividade municipal, pero sempre dentro do respecto, elegancia e corrección.